

O PSOE insta á Xunta a cumprir as súas promesas de ampliación do Hospital da Costa

Santín lembrou que ata en 6 ocasións Feijoo prometera as obras e sen embargo non está a facer nada, nin sequera o mantemento dos equipos actuais do centro sanitario

A xestión do Goberno autonómico está a desmantelar o centro e acabando co dereito dos mariñáns a unha sanidade de calidade, pública, universal e gratuíta para terminar privatizando este servizo e convertelo nun privilexio accesible a uns poucos

Os socialistas non contemplan a opción dos recortes na sanidade pública; a austeridade non é unha excusa válida para o seu desmantelamento, privatización ou perda de calidade na atención a un dereito dos mariñanos

O modelo de xestión aprobado polo Goberno de Feijoo, implica que o Hospital da Costa perda a súa autonomía, e condena aos máis de 90.000 mariñanos que atendía, a ter que percorrer máis de 100 quilómetros para acudir a súa cita cos especialistas.

A coordinadora do PSOE na Mariña criticou que “este verán vólvese a prescindir de 30 camas das 135 que hai no noso hospital, xustamente cando nesa época aumenta a poboación na nosa comarca”

BURELA, 21 DE MAIO DE 2014.- O Secretario Provincial –Juan Carlos González Santín-, o de Organización –Carlos Ferreiro-, a coordinadora do PSOE na Mariña –Mayra García-, e outros socialistas mantiveron esta tarde unha reunión cos representantes da plataforma sanitaria da Mariña na que reclamaron á Xunta de Galicia que cumpra os seus compromisos co Hospital da Costa e deixe de promover medidas que están a destruír e desmantelar o centro sanitario.

Neste senso Santín lembrou que “o titular do goberno autonómico segue sen cumprir a súa palabra. Ata en seis ocasións Feijoo prometeu a ampliación do hospital e non fixeron nada, nin sequera están a manter o que había pois os profesionais sanitarios teñen denunciado en varias ocasións o deterioro dos equipos instrumentais, as deficiencias do servizo de mantemento dos aparellos electrónicos e a falla da previsión nas compras”. “O máis grave é a perda do persoal que marcharon ou se xubiláron forzosamente sen que as súas prazas foran cubertas”, explicou.

A xestión da Xunta está a acabar co dereito dos mariñanos a ter unha sanidade de calidade. “Coma sempre as pretensións do PP parecen ser o desmantelamento do centro para acabar privatizando este servizo público. Non podemos permitir que a sanidade se converta nun privilexio, accesible para uns poucos, esquecendo que é un dereito universal. Nós non nos quedaremos de brazos cruzados, reivindicamos unha sanidade pública, gratuíta e de calidade, como a que promoveron os Gobernos Socialistas”.

Estamos a falar dun tema moi serio que parece que ao Goberno do Partido Popular non lles importa, xa que antepoñen sempre os seus intereses partidarios aos intereses das persoas. Mostra disto é o modelo de xestión aprobado polo Decreto 55/2013 do Goberno de Feijoo, polo que os tres hospitais da provincia- Lugo, Burela e Monforte- perderán a súa autonomía. Con isto, A Mariña pasará de ter un hospital a un simple ambulatorio. A Xunta malgasta todo o investimento realizado no hospital e o seu equipamento que cumpre cos parámetros necesarios para contar cunha área de xestión propia que ata o de agora atendía a preto de 90.000 persoas. O PP condena aos mariñanos a ter que percorrer máis de 100 quilómetros para acudir a súa cita cos especialistas, un servizo que antes tiñan na comarca.

Neste encontro os socialistas explicaron as medidas que están a levar a cabo a nivel local e autonómico para instar ao Goberno galego a retirar o Decreto de Xestión Integrada que regula a posta en marcha deste modelo. “Para nós os recortes na sanidade non son unha opción, o aforro non é unha excusa válida para o seu desmantelamento, para privatizala e empeorar a atención á cidadanía”, explicou Santín.

Menos camas no verán

NOTA DE PRENSA

Pola súa banda a coordinadora do PSOE na Mariña, indicou que “dos recortes sabemos ben aquí, uns recortes en sanidade que provocan un deterioro da saúde e un incremento das listas de espera”. E engadiu que “este verán vólvese a prescindir de 30 camas das 135 que hai no noso hospital, xustamente cando nesa época triplícase a poboación na nosa comarca”. Por iso, Mayra García acudirá en representación dos socialistas á mobilización convocada para hoxe ás 20:30 horas polos sindicatos sanitarios e fai un chamamento á poboación mariñá para sumarse a esta marcha contra o desmantelamento da sanidade pública.